

# CENTRO MUNICIPAL DE INTERPRETACIÓN ORAL

<b>FORMACIÓN</b>	<p><b>Regueifeiros/as:</b> todos os mércores dende o 2 de outubro de 18.00 a 20.00 horas até finais de maio, no IME Profesor: Josinho da Teixeira</p> <p><b>Contadores/as:</b> todos os xoves dende o 3 de outubro de 18.00 a 20.00 h até finais de maio, no IME Profesora: Ana Carreira</p> <p>Os segundos venres de mes, clases maxistras por diferentes contadores e contadoras.</p>
<b>DINAMIZACIÓN</b>	<p><i>Seráns/vermutos regueifeiros:</i> diferentes espazos da cidade un sábado de cada mes</p> <p><i>Slam:</i> torneo de poetas, en diferentes espazos (cafeterías, centros comerciais, mercados...)</p> <p><i>Contadas:</i> diferentes espazos da cidade os segundos venres de mes dende as 23.00 h</p> <p><i>Tesouros de acó:</i> encontro con xente maior que nos achegan os seus saberes cara a recoller e difundir historias dos diferentes “vigos” que conforman a nosa cidade. 1h 30 min. 2 sesións</p> <p><i>Contos e cantos:</i> dirixido a pais e nais . Ben a través dos centros de saúde nos cursos de preparación do parto, ben nas escolas infantís. Animar a estes pais e nais a lles cantar e contar historias aos picariños e picariñas.</p> <p><i>Cóntame os teus contos:</i> nos centros da terceira idade, nos de día... encontros coas persoas maiores para que nos transmitan contos da súa nenez, xeitos de remataren os contos, de os empezaren...</p> <p>Encontros de persoas maiores e cativas</p>

## DINAMIZACIÓN (FORMACIÓN)

*Cantiga amiga 2.0*: público xuvenil (no centro). Venres dende o mes de marzo

*Obradoiros de regueifas*: nos centros escolares para primaria, ESO e BAC (novembro-décembro// xaneiro-febreiro)

*Certame escolar de regueifas* no Centro Cultural de Valadares (primeiro venres de marzo, dende as 10.00 ás 14.00 horas)

*Teatro lido*: curso+actividade. 2 días á semana, 20 horas de duración (novembro-décembro)

*Xogamos co conto*: profesorado. 12 horas (febreiro)